

O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Veciñanza de Canido presente no Pleno Municipal do 12.01.2025

O pasado 12 de xaneiro unha representación da INTRABARRIAL de Canido asistiu ao Pleno do Concello de Ferrol no que se aprobaron os Orzamentos Municipais de 2025, negándose as alegacións feitas dende o barrio nas que se amosaba o noso malestar pola **falta de investimentos urxentes**, dadas as necesidades tan evidentes como que é difícil transitar por algunhas rúas sen risco de accidentes. Os **medios de comunicación** recolleron amplamente a nosa campaña de información e de reclamacións.

Esa mesma semana, o alcalde xunto ao concelleiro de obras e a concelleira de urbanismo, convócanos no Centro Cívico a unha reunión onde nos trasladan os proxectos que o goberno municipal quere desenvolver no barrio en 2025: poda exhaustiva no final de **Poeta Pérez Parallé**, a humanización do final de Doutor Fleming, conseguindo que se manteñan unha dúcia de estacionamentos, a execución subsidiaria da demolición de dúas casas ruinosas en Muíño do Vento e a solución do **tapón da Tafona**. Presentaron tamén o proxecto de **skate park** para o Parque Antón Varela, para a nosa consideración.

Finalmente, despois deste debate e das accións realizadas, conseguimos o compromiso por parte do goberno municipal da reparación e humanización das beirarrúas no final de Poeta Pérez Parallé. Se ben, quedan no tinteiro importantes proxectos e investimentos, cando menos pódese esperar para 2025 a actuación sobre os **problemas máis perentorios**.

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola

Antonio Casal Velázquez

Guillermo Castro Peccis

Celia Fernández Alvariño

Maica R. Freire

ESTÁ ACONTECENDO

Unha veciñanza que non se conforma

O barrio de Canido conta cunha veciñanza que permanece involucrada e comprometida coa mellora da calidade de vida e estará vixiante para os **proxectos comprometidos para este 2025**.

Solución do “tapón” da Tafona

É un proxecto de interese para o goberno local, que repite nos seus orzamentos dende o inicio do seu mandato. Na praza existe unha edificación moi popular no barrio (tortillería, tenda de ultramarinos), que está fóra de ordenación, provocando un estreitamento da rúa Muíño do Vento. O seu estado é ruinoso, con alto risco de desprendementos e de colapso. De feito, xa está marcada para a protección de viandantes. Este edificio ten un gran valor sentimental para Canido, porén, a súa protección obriga sanear este espazo. Gustaríanos que a intervención que está prevista dende o Concello teña

en conta a memoria do lugar e sexa o primeiro paso para unha humanización integral do resto da rúa Muíño do Vento e do tramo campeiro que vai ate a rúa Lili.



Skate Park

Na xuntanza co alcalde do día 17 de xaneiro, a concelleira de Urbanismo entregounos o proxecto do “Skate Park” para o Parque Antón Varela, equipamento que vemos axeitado, xa que complementaríase o de calistenia. No futuro, poderíase instalar un bulder, tendo un lugar agrupado de deportes urbanos para a mocidade. O elemento a instalar consta dunha plataforma ou piso de pedra a cota cero que

dispón de bancos e rampas. É un proxecto que debemos estudar en detalle, para analizar o seu emprazamento e dimensión.

Final da rúa Poeta Pérez Parallé

Finalmente, a presión veciñal acadou o compromiso do goberno local para que neste 2025 se execute a humanización desta rúa, no que tanto insistimos por mor dos accidentes causados. Faremos un seguimento de preto deste acordo.



AXENDA DE FEBREIRO

Concerto AntiQvorum

O **coro de cámara AntiQvorum** xorde da inquietude dun grupo de cantoras e cantores, pertencentes a diversas agrupacións vogais, por achegarse á interpretación da Música Antiga. Fúndase en 2017 e está formado por 15 integrantes, dirixidos por José Antonio García Mato. Sábado 1 de febreiro ás 19:00 horas, no Centro Cívico de Canido.

Día 1

Nova Agro-formación

Jaime Páramo virá a aprendernos sobre **agricultura sintrópica**, unha forma de explotación agro-forestal que imita os ecosistema naturais de altas densidades, para aproveitar o beneficio das relacións entre especies. O día 8 a formación será no Centro Cívico, e incluírá a proxección ás 20:00 h do documental *Sintrópica, semillas de cambio*. Os días 22 e 23, a formación levarase a cabo na parcela *Amalín Niebla*, xunto ao lavadoiro. Inscríbete no 659 264 199.

Días 8, 22 e 23

Canido, barrio de namorar

Mercar no comercio local sempre é un acto de amor, que fai mellor a calidade de vida dun lugar, polas cousas ben feitas. Este 14 de febreiro, estar e gozar dos **establecementos de Canido será aínda máis especial**, porque HOSCOMPRO terá agarimoso detalle coa clientela que se achegue aos negocios asociados.

Día 14


Cóntamo ti #Defende a galega

Volven ao Centro Cívico as xornadas “Cóntamo tí”. Esta vez a palestra centrarase na liberdade de prensa e a mobilización de traballadoras de “Defende a Galega”, que comezou en 2018 e recibiu o premio José Couso de Liberdade de Prensa en 2019. A xornada contará coa presenza de Alfonso

Hermida, emblemático presentador da TVG e Raquel Lema, presidenta do comité intercentros da CRTVG.



Día 21





O BARRIO É NOSO

ESPAZOS URBANOS E CALIDADE DE VIDA

Na actualidade, case o 60% da poboación mundial reside en zonas urbanas, e para 2050 é de esperar que sexan 2.700 millóns de persoas máis as que vivan en cidades. Aínda que as contornas urbanas ofrecen numerosas vantaxes (maior proximidade no acceso aos recursos e aos servizos...), tamén son focos de estrés ambiental.

O deseño das cidades, dos barrios e en xeral de todos os espazos urbanos teñen unha **gran influencia na nosa calidade de vida**. E é evidente tamén o impacto do seu estado de conservación ou o mantemento. É dicir, a planificación urbana debe integrar a consideración máis aló do urbanístico. Nese sentido, cando falamos de **rexeneración urbana** e mellora dos barrios, hai que tomar en conta varios ámbitos:

Mellora do espazo público e dar pulo a áreas verdes

Unha intervención pública de mellora dos espazos nas rúas, máis aló da actual e puntual. Rúas que permitan o paseo, espazos peonís abertos para o lecer e o deporte.

Renovación de edificios e vivendas

A habitabilidade dos barrios e das súas vivendas a través de intervencións públicas de mellora e rehabilitación. Tamén políticas que permitan unha maior accesibilidade á vivenda.



Dotación de equipamentos colectivos

Un factor importante para favorecer a equidade nos espazos urbanos e no acceso aos recursos. Boas condicións das instalacións e espazos públicos. Fomento e coidado das zonas verdes que incidan directamente na nosa saúde.

Fomento da equidade de xénero nos usos dos espazos urbanos e instalacións

Accións e iniciativas de deseño e acondicionamento dos espazos para mellorar a seguridade, especialmente das mulleres e as nenas, promovendo espazos seguros e libres de violencia machista.

Mobilidade e transporte público

Deseño de rutas circulares, conexións da contorna rural e urbana. Favorecer a mobilidade en condicións de comodidade de persoas dependentes, as de maior idade ou con dificultades na mobilidade. Diminuír a dependencia da mobilidade individual cunha rede de transporte accesible e útil.



Cada un destes puntos debe ser favorecido e promovido polos poderes públicos para facer máis habitables as nosas cidades e barrios. Isto é diminuír no posible as consecuencias negativas sobre a nosa saúde, benestar ou calidade de vida. É preciso repensar o modelo da cidade e dos espazos urbanos para evitar as consecuencias negativas das contornas urbanas. **O barrio é noso!**

O COIDADO E CONTROL DAS COLONIAS FELINAS

O coidado dos gatos sen fogar que habitualmente viña realizando o voluntariado é, desde 2023, unha tarefa regulada pola lei de Benestar Animal, que obriga a cada administración local a asumir a titularidade e o coidado destes, outorgándolles o 'status' de animais domésticos de compañía.

Desde aquela, **unhas 60 persoas en Ferrol** están autorizadas polo Concello para coidar das colonias felinas comunitarias coas funcións de alimentar aos gatos - con comida axeitada e sen refugallos-, desparasitalos, proporcionarlles refuxio e atención veterinaria, e o máis importante, esterilizalos para que non se reproduzan sen control. Deste xeito, mais aló de reducir a superpoboación felina, os cheiros por marcaxe con ouriños ou ruídos por pelexas nas que miañan, melloran as condicións de seguridade e saúde pública, ao evitar que os animais porten parásitos ou enfermidades zoonóticas. **Os gatos son tamén o método máis eficaz para o control da proliferación de roedores e insectos.**

Por outra banda, diminúen os casos de mortes dos felinos por afeccións ou accidentes, e incluso embelecen a paisaxe, xa que unha colonia en bo estado proporciona atractivo visual e entretemento a veciños e visitantes, sen esquecer que o bo aspecto e as condicións de saúde axeitada dos gatos comunitarios dun barrio din moito en favor da súa veciñanza.

A xestión ética de colonias felinas só implica vantaxes pero, unha vez máis, o goberno local rexeita implicarse no cumprimento desta lei, facendo recaer a maior parte das intervencións e o gasto de todos estes labores sobre as persoas voluntarias.

Voluntariado Colonias Felinas de Ferrol



AS HORTAS COMUNITARIAS

Dende o proxecto das Hortas Comunitarias de Canido, queremos dar a coñecer o que aquí se coce. A horta está dividida por bancais altos e tamén en terra; as veciñas e veciños que traballan nos bancais encárganse do seu mantemento. A colleita que se recolle é persoal, se ben existen bancais comunitarios que se comparten coas persoas que axudan a manter a horta. Destes últimos tamén saen os produtos que se sortean no AgroCabaré, o festival que se organiza para recadar fondos para o mantemento e crecemento da Horta Comunitaria, do bosque comestible e da formación que realizamos ao longo do ano.

Actuamente, están todos os bancais ocupados, mais se a alguén lle interesa colaborar, pode participar nas xornadas de traballo colaborativo e/ou na formación que se imparte, contactando coa AV no Centro Cívico.

Coa horta, comemos san, créanse vínculos e amizades, vivindo moi boas experiencias, aprendendo a recoñecer flores e prantas comestibles, coas que se poden facer multitude de receitas. Ponte en contacto co noso grupo e presta atención ás xornadas de encontro!

Proxecto Hortas Comunitarias

O MUIÑO INFORMA

Mudemos de rumbo. O galego ten futuro



Nos últimos anos, imos de sobresalto en sobresalto, cando medimos a situación do galego. Asistimos á minorización sistemática do idioma entre ataques infundados que discriminan a lingua oficial en todo o territorio do Estado. Se a actividade das administracións públicas incumpre o deber básico de defender a lingua galega, colocándoa en situación de retroceso... perde o galego, perdemos nós e ninguén gaña nada, posto que o castelán está perfectamente asentado. Só o odio do españolismo rampante e o auto-odio das actuais autoridades galegas poden explicar esta situación.

Muiño do Vento -xunto á AV Canido- adhirose ao manifesto publicado pola **Plataforma Queremos Galego:**

1. Recuperar os obxectivos establecidos polo Plan Xeral de Normalización da Lingua de 2004.
2. Elaboración por parte da Xunta, Estado e concellos, coa participación de entidades sociais, dun calendario de accións ate 2027 para a aplicación das medidas deste Plan, cos recursos necesarios para a súa execución.
3. Este calendario contemplará a avaliación dos resultados das medidas unha vez aplicadas e as correccións que foren precisas.

Estes puntos deberían ir acompañados por medidas urxentes nas áreas de:

- **ENSINO.** Derrogación do decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que se aprobou rompendo os consensos previos, e aprobación dun novo decreto que asegure os máximos niveis de docencia en galego en todas as etapas educativas.
- **CULTURA E LECER.** Recuperación do papel normalizador da TVG, potenciación das artes escénicas e musicais en galego, asegurar a presenza do galego na oferta radiofónica e audiovisual, aumento de cotas de dobraxe, apoio á produción independente, fortalecemento do sistema literario e editorial e uso do galego en actividades deportivas, de tempo libre e extraescolares).
- **ACTIVIDADE COMERCIAL,** asegurando o pleno dereito de uso do galego.
- **ADMINISTRACIÓN,** servizos públicos, sanidade e xustiza asegurando a presenza do galego e o coñecemento da lingua por todo o persoal encadrado nos servizos públicos.



Pepe Cunha e Francisco Xavier Gil, nomeados voceiros da Plataforma en Ferrolterra o día 23.01.2025




Bernardino Graña, poeta mariño das palabras, deunos o adeus

En xaneiro despediuse de nós Bernardino Graña, poeta do mar e do amar, escritor e catedrático de Lingua e Literatura, membro da Real Academia Galega desde 2010. Premio da Cultura Galega (2021) e Fillo predilecto de Cangas (2022). Queremos destacar a súa participación na creación do grupo galeguista de intelectuais, artistas e escritores Brais Pinto, que se constituíu en 1958, baixo a ferocidade fascista, e a súa presenza na Asociación de Escritores e escritoras en lingua galega (AELG).

Escribiu máis de 20 libros clasificados de “literatura infantil e xuvenil” que, como di Antón Cortizas, son obras literarias que tamén poden ser lidas polo público máis novo: *O león e o paxaro rebelde*, *O gaitero e o Rato Pérez*, *Contra o león covarde*, *Larpancia saborosa do lobo e a raposa* ou *Tragaxán e Tragadiño*. Tamén escribiu novelas como *A fuga a Exipto* ou *Protoevanxeo do neto de Herodes*, libros de poemas como *Poema do home que quixo vivir*, *Non vexo Vigo nin Cangas* ou *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* e de teatro como *Os burros que comen ouro nunca cabalos serán*.

O Baluarte do Infante: unha necesaria intervención

A día de hoxe, en Canido e na súa contorna podemos observar os principais restos conservados da muralla terrestre coa que se cinguiu a vila de Ferrol no século XVIII. Trátanse de dous exemplares dos redutos que se sucedían ao logo da fortificación e que conferían unha defensa avanzada. Do Reduto de Santiago, coñecido como Baluarte de Canido e denominado erradamente como Reduto de San Carlos, temos solicitado en colaboración coa INTRABARRIAL a súa rehabilitación. Con todo, non é o único vestixio que merece ser atendido.



Así pois, no límite do barrio localízase o Baluarte do Infante ou Arquivo Intermedio Militar do Noroeste. Como comentabamos, a súa orixe está neses redutos cos que contaban a muralla da vila. Se ben, ao longo do século XIX sufríu modificacións, primeiramente para adaptarse a nova artillería e, cara finais da centuria, para acuartelar tropas, converténdose no cuartel

de mando do Rexemento de Artillería de Costa; emprázase nel o 4º Batallón de Artillería da Praza. Para, finalmente, nos derradeiros anos do século pasado desenvolver a súa función actual como arquivo. Con todo, e pesar das alteracións sufridas, consérvase a traza e grande parte da fortificación orixinal.

Porén, na actualidade, diferentes elementos impactan negativamente na preservación e valorización deste ben. A destacar, a presenza dun vertedoiro na antiga pista do Sanchez Aguilera. Así como, o muro de formigón da contigua Residencia Militar. A supresión do primeiro e substitución e retranqueado do segundo permitiría a dignificación e posta en valor do ben, facilitando a súa contemplación. Permitindo, ademais, a reurbanización e ampliación da adxacente e angosta rúa Cardosas.

Todo isto nun lugar céntrico, de paso entre os diferentes barrios e onde se atopan as diferentes estacións de transportes. Neste senso, deberase traballar de cara a posta en valor do noso patrimonio cultural e a humanización dos nosos barrios, reclamando tales intervencións ás persoas propietarias, Ministerio de Defensa e Concello de Ferrol.



CÓNTANOLO TI!

Se queres achegar contidos ao Boletín, como fotografías ou textos breves relacionados co barrio, contacta en boletincanido@gmail.com ou usa a caixa de correos do Centro Cívico.



VIN DE CASUALIDADE A CANIDO

<<Empecei vindo por traballo e funme quedando, pois de contado decateime que este barrio era diferente. escoitar á veciñanza falar orgullosa do seu barrio, atrapoume e seducíume. Aquí todos se coñecen, son amables, boa xente e con identidade propia. Calidades que fixeron que me integrase rapidamente.

Renderlle homenaxe -de xeito breve- a un barrio con tanta soleira de seu, é algo complexo, mais tentarei resumir as razóns polas que fiquei en Canido. Polo que me contan os mozos con anos que viven aquí de toda a vida, creo que Canido foi inventado desde a nada, para concentrar a pobreza que emigra desde o campo e instalarse nos arredores dese Ferrol que necesitaba man de obra barata.

Grazas á capacidade de traballo, esforzo e convencemento, os veciños de cada tempo foron transformando en realidade os proxectos que fixeron posible a identidade do barrio que é hoxe. Un barrio son miles de historias entrelazadas nun mesmo espazo e en sucesivas capas de tempo. Cada xeración adulta parece anhelar o seu pasado, baballoando contra as variables do presente. Con todo, nese recordo oralizado aparece o lúdico, a alegría, os amigos, a rúa, os bares, as festas populares, incluso a gastronomía e o espírito solidario.

Cheguei ao barrio coa 1ª edición das Meninas, onde se pintaban unhas paredes ruinosas para ocultar o abandono e a decadencia. Hoxe, 17 anos despois, vivimos rodeados de Meninas que conseguiron transformar un barrio degradado nun museo de arte urbano ao aire libre e sendo a zona máis visitada. Nestes case 18 anos de residir neste barrio lembro os peches de *La Billa*, *A Nogueira* e *Menina Dóce*, tamén de *La Cándida* e a carnicería *O Cuxo*. Vivín a reapertura do antigo *Clavel*. Hoxe, en boa compañía e facendo vida social, as fins de semana e festas de gardar tomamos vermú, godello, mención ou a “Mil9” no *Clavel 2.0* e no *Luscoefusco*, imos de tapeo ao *Rías Altas* para tomar a mellor tortilla (como di Fernando “a tortilla de *Zahara* e a de *Anca*, a das *Rías Altas* desbáncaa”).

De todo Ferrolterra, de cando en vez degustamos as riquísimas pizzas da *Artesa* e *La Margarita*. Con gran alegría celebramos o éxito da cafetería e furancho do Canido SRYD, que xa comezara Alberto (antigo xerente da *Menina Dóce*), pero que Oscar, o mozo emprendedor que preferiu non emigrar (como fixeron moitos da súa xeración), superou con creces. En Canido vivín o ascenso a 2ª do Racing de Ferrol. Agora, cada quince días, gozo ver a marea verde que desde un principio elixiron a Rúa Alegre, *D'Tapas* e a Praza do Cruceiro como o lugar de reunión previa e faladoiro, da Peña Rancinguista *D'Tapas* antes de acudir ao estadio da Malata. Isto en Canido, tamén é parte da cultura que une á xente como unha familia futbolística á que tamén estamos convidados os que non o somos.

Segurísimo que se me escaparon cousas, espero e desexo seguir sendo de Canido e facendo barrio por moitos anos máis, para poder ver un barrio do que a mocidade non teña que emigrar xa que ten potencial de futuro que hai que aproveitar.

Pido aos políticos e ás asociacións cívicas, culturais e doutro tipo que non só miren o presente e o pasado do barrio. Tamén hai que imaxinar o futuro e o modo de prever como evolucionarán os problemas que se detecten para que Canido, con Meninas ou sen Meninas, co Racing en segunda ou en terceira, siga sendo un barrio con identidade propia entre a veciñanza. OPA CANIDO!>>

Xosé Manoel (Federico) Gómez Vázquez